



Expediente: 677/20

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE HABILITA A DETERMINADOS COLECTIVOS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O EMPREGO DO CERTIFICADO DIXITAL DE PSEUDÓNIMO NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA GALEGA”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en relación co *“Proxecto de Orde pola que se habilita a determinados colectivos da Consellería de Sanidade para o emprego do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega”*, emite o seguinte informe:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Esta orde ten por obxecto habilitar a determinados colectivos de persoal empregado público da Consellería de Sanidade para o emprego do certificado dixital de pseudónimo previsto no artigo 73.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia. O persoal afectado é, en concreto, persoal funcionario pertencente ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de veterinarios/as dos servizos de inspección de saúde pública; persoal funcionario pertencente ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, clase de farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública; e persoal funcionario pertencente ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, clase de inspectores/as médicos/as, clase de inspectores/as farmacéuticos/as e clase de subinspectores as sanitarios/as.

Con relación á materia regulada, cómpre ter en conta o seguinte marco normativo:

O artigo 33.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

Para o caso que nos ocupa, as normas de referencia a ter en conta son a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e a xa citada Lei 4/2019, do 17 de xullo.



A primeira delas recolle, no seu artigo 53 letra b), entre os dereitos dos interesados no procedemento administrativo, o de *“identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos”*.

Ao fío desta previsión, que xa figuraba recollida na anterior Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e conforme a ela, ditouse a Orde do 25 de maio de 2011, que regulou a tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico, e posteriormente, a Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico, que recolle a tarxeta de utilización obrigatoria para os empregados públicos que teñan atribuídas, na súa normativa específica ou regulamentariamente, funcións de inspección e control.

Na actualidade o artigo 73.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, prevé que naquelas actuacións que, realizadas por medios electrónicos, afecten a información clasificada, a seguridade pública ou a defensa nacional, ou noutras actuacións nas cales legalmente estea xustificado o anonimato para a súa realización, regulamentariamente poderá habilitarse para determinados colectivos de persoal empregado público do sector público autonómico o uso de certificados electrónicos con pseudónimo, que deberá referirse, en todo caso, ao número de identificación profesional da empregada ou do empregado público, que permitirá a súa identificación nos casos en que for necesario. A emisión dos citados certificados rexeráse polo disposto na Resolución do 13 de abril de 2020, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

2. Acerto e oportunidade

A habilitación de determinado persoal da consellería competente en materia de sanidade para o emprego do dito certificado dixital de pseudónimo parte da necesidade de garantir o axeitado desenvolvemento das súas funcións, singularmente as de carácter inspector, coa intención de evitar así inxerencias indebidas na súa actividade, o que xustifica o mantemento do seu anonimato na realización das mesmas.

O certificado dixital de pseudónimo será empregado polo persoal incluído no ámbito de aplicación da orde para asinar informes, actas ou calquera documento elaborado no exercicio das funcións que, na súa condición de autoridade pública, teñen atribuídas, tales como a inspección, vixilancia ou control da Administración pública, ou no exercicio doutras sempre e cando se estime necesario preservar a súa identidade persoal en base á concorrencia de circunstancias ou feitos que así o aconsellen.





3. Tramitación

Polo que respecta á tramitación na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas na seguinte normativa:

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en adiante LOFASGA (artigos 40 e ss.).
- A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 12).
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- O Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro (artigo 8).

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración da orde do 27.11.2020, asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade.

O centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan:

- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade do 01.12.2020.
- Memoria económico-financeira do 01.12.2020.
- Táboa de vixencias do 01.12.2020.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico I da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, elaborou o preceptivo informe o día 03.12.2020 e obtivo na mesma data a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Sanidade.

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o día 03.12.2020 o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade acordou que non era necesario o sometemento do proxecto de orde a trámite de audiencia por tratarse dunha disposición de carácter puramente organizativo, pero si a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia (acordo de 03.12.2020).





Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido polo artigo 42 da LOFASGA , solicitáronse e emitíronse os seguintes informes:

- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 07.01.2021..
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade do 16.12.2021.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 15.12.2020.
- Informe do asesor xurídico da Consellería de Sanidade do 19.01.2021.

O informe da Asesoría Xurídica non aprecia trabas sobre a viabilidade xurídica do proxecto, considerando que este cumpre os requisitos esixidos pola normativa vixente, polo que o informa favorablemente, recomendando unicamente e como observación de mellora, modificar a dicción do artigo 3 (polas razóns expostas nel) a cal se efectúa.

4. Integridade do texto

O texto do proxecto de decreto conta coa seguinte estrutura e contido:

Parte expositiva

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Emisión do certificado dixital de pseudónimo

Artigo 4. Uso e custodia do certificado dixital de pseudónimo

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

5. Legalidade

Nas memorias e informes incorporados ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación da presente iniciativa aos principios recollidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tramitación da iniciativa axustouse rigorosamente á normativa de aplicación e en concreto aos artigos 40 e seguintes da LOFASGA.





En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da LOFASGA, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Consellería de Sanidade.

De acordo co indicado considérase que este “*Proxecto de Orde pola que se habilita a determinados colectivos da Consellería de Sanidade para o emprego do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega*”, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da consellería, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que informa favorablemente (artigo 43.2 da LOFASGA).

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

